


Universidade de Vigo

Normativa para programas de mobilidade

Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

Aprobado en Xunta de Escola na sesión do 20 de decembro de 2023



Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Pavillón Manuel Martínez-Risco
Campus universitario
32004 Ourense

<http://aero.uvigo.es>

<mailto:aero.move@uvigo.es>



Referencia:

Documento: mobilidade

Data: 20/12/2023

Páxinas: 6

Contido

1. Obxecto	3
ESTUDANTES SAÍNTES	3
2. Información adicional	3
3. Responsabilidades dos estudantes	3
4. Requisitos:.....	3
5. Requisitos prácticas externas	3
6. Nivel de idiomas:	3
7. Máximo de créditos	4
8. Estudantado dos programas conxuntos (PCEO)	4
9. Criterios de selección	4
10. Matrícula na Universidade de Vigo	4
11. Elaboración do contrato de estudos	4
12. Modificación do contrato de estudos	5
13. Recoñecemento dos estudos.....	5
ESTUDANTES ENTRANTES.....	5
14. Recepción	5
15. Nivel de idiomas	5
16. Materias recomendadas.....	6
17. Número máximo de créditos	6
18. Estudantado dos programas conxuntos (PCEO)	6
19. Aplicación	6

1. Obxecto

A presente normativa regula, nos aspectos non regulados por outras normativas de rango superior, as estadias de intercambio nacional e internacional da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (EEAE) da Universidade de Vigo.

ESTUDANTES SAÍNTES

2. Información adicional

O estudiantado deberá conseguir información específica das universidades de destino do seu interese. A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) dispón dunha páxina de enlaces ás distintas institucións. Tamén se pode atopar información das universidades con acordo bilateral consultando á persoa responsable de mobilidade estudiantil da EEAE (aero.move@uvigo.gal).

3. Responsabilidades dos estudantes

O estudiantado que desexe realizar unha estancia deberá aterse en canto ás solicitudes e tramitación á información proporcionada en cada convocatoria pola Oficina de Relacións Internacionais (ORI) da Universidade de Vigo. A/o estudante será a/o responsable de obter toda a información necesaria, e cumprir con todos os requisitos marcados tanto pola ORI, como pola EEAE ou a Universidade de destino.

4. Requisitos:

O estudiantado solicitante deberá cumprir os requisitos que se fixen en cada unha das convocatorias. No caso de intercambio de estudantes de grao, deberán ter superados polo menos 60 ECTS no momento da publicación da convocatoria. No caso de intercambio de estudantes de mestrado, o estudiantado deberá estar matriculado no momento da publicación da correspondente convocatoria.

5. Requisitos prácticas externas

No caso de prácticas curriculares deberá estar matriculado/a nesta materia. É necesario ter superado polo menos o 50% dos créditos de que conste a titulación e non manter relación contractual coa empresa proposta para realizar as prácticas.

6. Nivel de idiomas:

Cando non se especifique ningún nivel na convocatoria correspondente, entenderase como requirimento mínimo o B1 en inglés acreditado oficialmente cun certificado dos que propón a ORI na súa páxina web. Ademais é relevante ter en conta que hai destinos que

fixan un requisito de idioma para o estudantado entrante. O estudantado que solicite estes destinos deberá cumprir o requisito de idioma nese caso, ou non será elixible para a praza.

7. Máximo de créditos

No caso de estudos de grao, o período de estudos cursado no centro asociado pode ser cuadrimestral ou anual. No caso de intercambio cuadrimestral poderanse recoñecer ata un máximo de 36 ECTS e no caso de anual, 66 ECTS. No caso do mestrado, só se poderá estar noutra universidade no primeiro cuadrimestre do segundo curso e poderá recoñecerse ata un máximo de 30 ECTS.

8. Estudantado dos programas conxuntos (PCEO)

O estudantado que se atope cursando un programa conxunto, con títulos de distintos centros, deberá optar no momento da solicitude pola titulación para a que desexe facer o intercambio. Neste caso, seralle de aplicación a normativa do centro asociado a dita titulación.

9. Criterios de selección

De entre o estudando que alcance os requisitos mínimos fixados na convocatoria, e para aquelas convocatorias nas que a avaliación recaía na/no responsable da EEAE, a selección realizarase atendendo aos criterios fixados na convocatoria e aos seguintes criterios adicionais:

- a. Media do expediente académico do/a estudante
- b. Nos casos que se estableza requisito de idioma, non será elixible para este destino aquel estudantado que non o cumpra.

10. Matrícula na Universidade de Vigo

O estudantado que realice un intercambio deberá estar matriculado na Universidade de Vigo no curso académico da estancia. O número máximo e mínimo de créditos de matrícula virá determinado pola normativa de matrícula aplicable e, de ser o caso, a normativa da ORI.

11. Elaboración do contrato de estudos

Una vez resolta a asignación de prazas, o estudantado que sexa seleccionado deberá realizar o seu contrato de estudos (*Learning Agreement*), coa colaboración da/do responsable do centro, que será o garante da adecuación ás materias que se recoñecerán das competencias e resultados de aprendizaxe realizadas en destino. A aceptación deste contrato de estudos por parte da/do responsable do centro, previamente á realización da estancia, será imprescindible para poder realizar a mobilidade, así como tamén para o recoñecemento dos estudos realizados no estranxeiro. A data límite para a súa presentación quedará reflectida na convocatoria do programa correspondente. No caso do TFG/TFM, o

estudiantado debe ter asignado/a un/unha docente tutor/a na Universidade de destino e designarase á persoa responsable de intercambio no centro como cotitor/a só a efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.

12. Modificación do contrato de estudos

Se o/a estudante, unha vez en destino, atopa dificultades para cursar as materias do contrato de estudos, poderá solicitar unha modificación do mesmo. Para que esta modificación sexa posible, é imprescindible a aceptación da/do responsable do centro, que garante, en todo caso a adecuación ás materias que se modifican.

13. Recoñecemento dos estudos

O recoñecemento de estudos na EEAE realizarase materia a materia, salvo cuestións excepcionais que deben ser aprobadas especificamente polo/a responsable de relacións internacionais, tras consulta á dirección do centro.

O recoñecemento de estudos só afectará a aquelas materias das que o estudiantado se atope matriculado na Universidade de Vigo durante o curso académico no que se realice o intercambio, e que aparezan no seu contrato de estudos. Este recoñecemento realizarase por parte da/do responsable do centro unha vez se reciba de destino o documento orixinal no que consten as cualificacións acadadas pola/o estudante.

As cualificacións acadadas en destino transcribíranse á materia correspondente da Universidade de Vigo. En caso de que o rango de cualificacións en destino sexa distinto ao da universidade española, usaranse, para a transcripción de notas, as equivalencias do Ministerio de Universidades para a “*Equivalencia de notas medias de estudos universitarios realizados en centros estranxeiros*”.

Cando o estudiantado non supere unha materia na universidade de destino reflectirase como suspenso na correspondente materia da Universidade de Vigo, segundo o contrato de estudos. O estudiantado poderá presentarse a un segundo exame na universidade de destino, se se contempla esta posibilidade. En ningún caso poderá facelo na Universidade de Vigo dentro do mesmo curso académico.

ESTUDANTES ENTRANTES

14. Recepción

A EEAE, na súa vocación de internacionalización, recibirá estudantes procedentes doutras universidades nacionais e estranxeiras. As/os estudantes destas universidades poderán contactar co/a responsable do centro no correo aero.move@uvigo.es.

15. Nivel de idiomas

A docencia na EEAE impártese en castelán e ou galego. Recoméndase ao estudiantado entrante un nivel mínimo B1 en castelán.

16. Materias recomendadas

A EEAE dispón dalgunhas materias que se imparten baixo a modalidade *English Friendly*. Recoméndase ao estudiantado con baixo coñecemento de castelán que seleccione estas materias no seu contrato de estudos.

17. Número máximo de créditos

No caso de intercambio cuadrimestral poderanse matricular de ata un máximo de 36 ECTS e no caso de anual, 66 ECTS.

18. Estudiantado dos programas conxuntos (PCEO)

O estudiantado que se atope cursando un programa conxunto, con títulos de distintos centros, deberá optar no momento da solicitude pola titulación para a que desexe facer o intercambio. Neste caso, seralle de aplicación a normativa do centro asociado a dita titulación.

19. Aplicación

A presente normativa estará en vigor dende a súa aprobación.